



Compañeiras do BNG,

O nacionalismo é ante todo un proxecto de emancipación.

De emancipación nacional, de emancipación social e, por tanto, tamén de emancipación das mulleres deste País.

As mulleres son a maioría da sociedade e, por tanto, non hai nengún proxecto transformador, nengún proxecto de liberación, que se poda facer de costas a elas.

Sempre foi o pensamento feminista un elemento vertebrador das análises do nacionalismo galego.

Xa desde Rosalía, o pensamento galego máis xenuíno contemplou as mulleres como unha realidade específica e como un mundo por liberar. Rosalía nunca viu a muller como un apéndice do home e si como unha poderosísima alavanca de transformación social.

O nacionalismo é ante todo a paixón pola igualdade. A igualdade entre as nacións. A igualdade social. E a igualdade, a radical igualdade, entre os xéneros.

A violencia de xénero, a violencia exercida contra as mulleres, constitúe a quebra máis dolorosa dese principio de igualdade que debe rexir a relación entre os xéneros.

Ben sabemos nós, as e os nacionalistas galegos, que a igualdade non se logra por decreto, que a igualdade formal é só puro papel mollado. Ben sabemos nós que a igualdade se constrúe día a día e se ten que construír na realidade material e non só nos textos legais. A construír esa igualdade real entre homes e mulleres dedicades as compañeiras do BNG, e teño que dicir que tamén moitos compañeiros, os mellores dos vosos esforzos.

A violencia de xénero non é se non a expresión máis lacerante da desigualdade entre sexos. Non é se non a manifestación máis crúa doutras violencias que se achan na base da nosa sociedade e que moitas veces a nosa sociedade vive mesmo con inconsciencia.

Acaso non é violencia de xénero, violencia estrutural, que as mulleres continúen cobrando moito menos que os homes por exercerem o mesmo traballo?

Non é violencia de xénero, violencia estrutural, que o desemprego castigue máis as mulleres?

Non é violencia de xénero, violencia estrutural, que nos consellos de administración das grandes empresas as mulleres brillen pola súa ausencia?

Non é violencia de xénero, violencia estrutural, que os grandes poderes da sociedade -o financeiro, o político, o militar, o xudicial, o clerical- continúen en mans exclusivas dos homes?

Todo isto, compañeiras, resúmese nunha palabra: Patriarcado. Continuamos a vivir baixo o Patriarcado. É certo que o movemento feminista ten logrado non pequenas conquistas nas últimas décadas, mais non podemos negar a evidencia de que aínda fica moito territorio por conquistar para lograr a plena igualdade real e para converter o Patriarcado nunha institución obsoleta, nunha reliquia feudal do pasado.

Comentábame o outro día unha compañeira que as formas máis incisivas da violencia contra as mulleres son tamén as máis sibilinas, aquelas que non se perciben a primeira vista.

Dicíame que na campaña atroz que a xerarquía da Igrexa católica, apostólica e romana do Estado español está a lanzar contra os lexítimos dereitos da muller ao libre uso do seu corpo non era difícil achar manifestacións dunha visión patriarcal das mulleres.

Negar as mulleres un dereito tan elemental como o de planificar a súa propia maternidade é tamén unha forma de secundarizalas e de tratalas como seres

inferiores na escala social.

A Igrexa non está soa nesta campaña. Está moi acompañada pola Dereita española, unha Dereita que adoita ollar con reticencia calquer avance na emancipación das mulleres e que constitúe sempre un dique de contención fronte ao movemento feminista.

Hai que estar cos dereitos das mulleres sempre e de maneira incondicional.

Non vale estar só con elas cando son obxecto de violencia física.

Hai que estar con elas sempre. Defendendo os seus dereitos laborais, os seus dereitos a non discriminación social, os seus dereitos ao uso libre do seu corpo e ao do exercicio da maternidade.

Así é como realmente se combate a violencia estrutural contra as mulleres. Así é como o fixo o nacionalismo galego durante a súa experiencia de Goberno na Xunta de Galiza, através da Secretaría Xeral de Igualdade. Unha experiencia que supuxo un salto cualitativo sen precedentes na protección das mulleres vítimas da violencia de xénero. Unha experiencia que foi moito máis alá do plano puramente declarativo, ao implicar unha mobilización moi importante de recursos económicos. Ao longo da lexislatura, multiplicáronse por 10 os fondos destinados á loita contra a violencia de xénero.

Grazas ao nacionalismo, púxose en marcha o Salario da Liberdade e aprobouse a Lei de Violencia de Xénero -un texto moito máis avanzado que a lei estatal no que atinxe á protección das vítimas e en virtude do cal calquer galega que sufrise violencia ten dereito ser protexida, fose ditada ou non unha orde de protección xudicial.

Grazas ao nacionalismo, puxéronse en marcha oficinas para as vítimas nos xulgados das sete cidades, estableceuse unha orde de axudas para a implementación dun Fondo Galego de Garantía de Indemnizacións para asegurar que as mulleres non se visen estafadas pola insolvencia dos seus agresores e arbitráronse medidas de acción positiva no acceso á vivenda.

E que fixo a Dereita española desde que governa en Galiza con Núñez Feijóo á cabeza? Que fixo no seu primeiro medio ano de xestión nesta materia?

Pois basicamente o que fixo noutros eidos: nada.

Nen criou o Consello Galego das Mulleres nen avanzou nen un milímetro cara á constitución do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, dous entes cuxa creación o nacionalismo impulsara na pasada lexislatura e que se atopaban xa nun estado avanzado de tramitación.

Aquí a Dereita española practica unha política sectaria e negacionista.

Unha política da que é vítima non o Bloque Nacionalista Galego, senón as mulleres deste País.

O BNG ten políticas para as mulleres e ten unha folla de servizos da que orgullarse após o seu paso polo Goberno.

O PP que ten?

Nada, non ten nada porque este é un asunto do que sempre se desentendeu.

Véxanse as liñas mestras da súa política orzamentaria e comprobarase a nula sensibilidade social do Goberno Feijóo, un Goberno que por vez primeira na historia do autogoberno galego reduce os investimentos nos servizos públicos esenciais, paralisando, entre outras cousas, a abertura de novas galescolas.

E xa sabemos a quen prexudica sobre todo a redución do gasto nos servizos públicos. Xa sabemos quen ten que apandar cando se producen pasos atrás no Estado do Benestar. Son as mulleres. Esa tamén é unha forma sibilina de lesionar os seus plenos dereitos de cidadanía.

Hoxe convócanos aquí a celebración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Somos nacionalistas e, como tais, somos internacionalistas.

Este Día é un Día Internacional e até agora reflexionamos aquí un chisco sobre a

situación das mulleres en Galiza.

Mais se abrimos un pouco o foco e ollamos o mundo na súa globalidade veremos como a situación das mulleres no Planeta é verdadeiramente arrepiante.

A feminización da pobreza é un fenómeno mundial e é tamén unha forma clarísima de violencia contra as mulleres. A maior parte dos pobres son mulleres no noso planeta. E tamén son mulleres a maior parte das vítimas inocentes dos conflitos bélicos. En Iraqe, en Afganistán, morren miles de mulleres vítimas do imperialismo, vítimas dunha orde internacional inxusta e criminal.

MENSAXE DE SOLIDARIEDADE CON AMINETU HAIDAR

Tamén é muller por certo a activista do Frente Polisario Aminete Haidar, quen o pasado 14 de Novembro foi arrestada no aeroporto de El Aaiun polas autoridades marroquinas e expulsada a Lanzarote.

Desde ese día, Aminatou está en folga de fame e o seu estado físico está moi debilitado, en boa parte porque o seu organismo sofre as consecuencias de ter estado anos no cárcere.

O seu delicto? Defender o dereito de autodeterminación do seu pobo, o pobo sahariano, un dereito que o Goberno español continúa sen amparar.

Desde aquí, a nosa solidariedade con esta muller valerosa, tamén ela vítima da violencia contra as mulleres.

Compañeiras,

o Patriarcado, o imperialismo, o irracionalismo relixioso, debuxan un mundo hostil para as mulleres.

Felizmente, as mulleres non fican impasíbeis e se organizan, en Galiza e no mundo, para avanzar cara a súa emancipación.

Con elas, coa causa do feminismo e contra toda forma de violencia, estará sempre o

nacionalismo galego, estará sempre o Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas.

Santiago de Compostela, 21 de Novembro de 2009

Guillermo Vázquez. Portavoz
Nacional do BNG